

Anuncio do 4 de xuño de 2024, da Presidenta da Mesa de Valoración, polo que se comunica a data do acto de poxa pública relativo ao procedemento de adxudicación, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo

O 9 de abril do 2024 foi publicada no Diario Oficial de Galicia, núm. 69, a Resolución do 15 de marzo do 2024, pola que se anunciaba o procedemento de adxudicación, mediante poxa, en réxime de compravenda ou alugueiro, de locais de negocio e prazas de garaxe propiedade do Instituto Galego da Vivenda e Solo.

De acordo co previsto na condición 10.2 do prego de condicións que regula o mencionado procedemento, así como no apartado 8 da citada resolución de 15 de marzo de 2024, "O acto da poxa será público e a súa realización levarase a cabo no lugar, na data e na hora que se indique no anuncio publicado no DOG así como na páxina web do IGVS:

<http://igvs.xunta.es/web/igvs/350> "

Tendo en conta o anterior, faise público que a apertura das ofertas económicas e o acto de poxa pública terán lugar o día 4 de xullo de 2024 ás 10:30 horas na Sala de xuntas B da planta baixa do edificio administrativo Monelos da Xunta de Galicia, rúa Vicente Ferrer, 2, 15008 A Coruña.

Documento asinado dixitalmente na Coruña

A presidenta da Mesa de Valoración

Susana Vázquez Romero

